## 3 CONTACTO DAS OFICINAS DE ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS

**A CORUÑA**
Rúa Monforte, 1. Edificio Novos Xulgados
15007 A Coruña
**881 88 17 78 (Psicólogo/a)**
**881 88 17 49 (Traballador/a social)**
atencion.vitimas.coruna@xustiza.gal

**FERROL**
Rúa da Coruña, 55
15401 Ferrol
**881 99 71 46 (Psicólogo/a)**
**981 54 04 83 (Traballador/a social)**
atencion.vitimas.ferrol@xustiza.gal

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**
Rúa Viena, S/N. Edificio Xulgados
15707 Santiago de Compostela
**881 99 71 46 (Psicólogo/a)**
**981 54 04 83 (Traballador/a social)**
atencion.vitimas.santiago@xustiza.gal

**Cita Previa online:**
**https://www.xustiza.gal/atencion-vitima-cidadania/citaprevia**

**LUGO**
Rúa Armando Durán, S/N
27002 Lugo
**982 889530 (Psicóloga)**
**982 889536 (Traballadora social)**
atencion.vitimas.lugo@xustiza.gal

**OURENSE**
Rúa Velázquez, s/n
32002 Ourense
**988 687 664 (Psicóloga)**
**988 687 674 (Traballadora social)**
atencion.vitimas.ourense@xustiza.gal

**PONTEVEDRA**
Rúa Francisco Tomás y Valiente, s/n
36004 Pontevedra
**986 80 57 90 (Psicólogo/a)**
**986 80 59 82 (Traballador/a social)**
atencion.vitimas.pontevedra@xustiza.gal

**VIGO**
C/ Padre Feijoo, S/N (Cidade da Xustiza)
**886 21 84 38 (Psicólogo/a)**
**886 21 84 34 (Traballador/a social)**
atencion.vitimas.vigo@xustiza.gal

# OFICINAS DE ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS



## 1 DEFINICIÓN

As Oficinas de Asistencia ás Vítimas son equipos multidisciplinares formados por profesionais da psicoloxía e do traballo social, cuxo obxectivo consiste en prestar unha atención e asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas dos delitos, dando resposta ás súas necesidades específicas nos ámbitos psicolóxico e social.

O servizo é público e gratuíto.

## 2 VÍTIMAS DESTINATARIAS

Todas as vítimas, directas ou indirectas, de calquera delito, dispoñen deste servizo con independencia da súa idade, sexo, situación na que se atopen ou de que se presentara denuncia previa.

## 3 FUNCIÓNS DO PERSOAL

### ● PSICÓLOGAS E PSICÓLOGOS

#### FASE DE ACOLLIDA- INFORMACIÓN

Recollida de **información**.
**Avaliación inicial** da vítima.
Valoración das **medidas iniciais** de apoio psicolóxico.

#### FASE DE INFORMACIÓN

Ofrecemento de información sobre:
**Medidas** psicolóxicas de asistencia e apoio.
**Procedemento** para a súa aplicación.
**Servizos** especializados dispoñibles.

#### FASE DE INTERVENCIÓN

**Avaliación** da vulnerabilidade das vítimas.
**Asistencia psicolóxica ás vítimas no ámbito do proceso xudicial penal.**
Proposta das medidas de asistencia e de protección das vítimas durante a fase de investigación e ao longo de todo o proceso.
Elaboración dos informes de avaliación individualizada.
**Acompañamento** a xuízo ou a outras instancias xudiciais, ou proposta de acompañamento pola persoa designada pola propia vítima, cando se considere conveniente ou sexa requirido polos/as xuíces/zas e fiscais por se tratar de menores, de persoas con discapacidade intelectual ou doutras vítimas especialmente vulnerables.
Derivación ós servizos especializados dispoñibles segundo as necesidades da persoa (Saúde, Igualdade, servizos sociais, etc.).

#### FASE DE SEGUIMENTO

Seguimento da **evolución** da vítima respecto da súa situación de vulnerabilidade, ao longo de todo o proceso xudicial penal, ou mesmo por un período de tempo adecuado despois da súa conclusión cando o profesional o considere necesario debido ás circunstancias do caso.

### ● TRABALLADORAS E TRABALLADORES SOCIAIS

#### FASE DE ACOLLIDA- INFORMACIÓN

Recollida de **información.**
**Avaliación inicial** da vítima respecto ás súas necesidades de asistencia social.

#### FASE DE INFORMACIÓN

Ofrecemento de información sobre:
**Medidas** de asistencia e apoio dispoñibles e procedentes para o caso concreto (médicas, materiais, etc.)
Sobre o **procedemento** para a súa aplicación.
Sobre as posibilidades de obter un **aloxamento alternativo.**
Sobre as **indemnizacións ou axudas económicas** a que poida ter dereito, e se for o caso, sobre o procedemento para reclamalas.
Sobre os **servizos sociais e asistenciais especializados e dispoñibles** que poidan prestar asistencia.

#### FASE DE INTERVENCIÓN

Asistencia **na xestión de solicitudes** e **coordinación con outros servizos sociais.**
Elaboración dos informes de avaliación individualizada que lles solicite a autoridade xudicial ou fiscal competente para adoptar as medidas de protección, á cal lle serán remitidos con carácter reservado, sen que teñan a consideración de pericia.

#### FASE DE SEGUIMENTO

Da **suficiencia dos servizos e recursos asignados.**